

**SESIÓN ORDINARIA CONXUNTA DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS PERMANENTES DO DÍA 17 DE
XUÑO DE 2021**

**COMISIÓN INFORMATIVA DE PRESIDENCIA, ECONOMÍA, FACENDA, RECURSOS HUMANOS E
DESENVOLVEMENTO SOCIOECONÓMICO**

Rogos e preguntas

Rogos do PP presentados por escrito

Rexistrados de entrada ao núm. 999/3195 o día 14 de xuño de 2021, xunto co resto dos rogos e coas preguntas presentados ás comisións informativas.

1º O pasado venres 11 de xuño, o Club Ciclista de Cambre presentou no Pazo de Cela a nova tempada 2021. Ao acto acudiron, ademais do alcalde e concelleiros de goberno, os voceiros doutros grupos políticos con representación no noso concello. A pesar diso, o dito evento foi publicado polo noso concello en redes sociais omitindo, como xa vén sendo habitual, calquera referencia á presenza de representantes doutros grupos políticos distintos dos que conforman o goberno local, co seguinte teor literal:

“O Club Ciclista de Cambre-Caeiro descubriu hoxe no Pazo de Cela ás novas promesas do ciclismo coa presentación da tempada 2021.

Ao evento acudiron o alcalde, Óscar García Patiño, e o concelleiro de Deportes e Xuventude, Daniel Mallo, o presidente do club, Juan Carlos Candal, o deputado provincial, José Ramón Rioboo Castro, o presidente da Federación Galega de Ciclismo, Juan Carlos Muñiz, e o xefe do Servizo Provincial de Deportes da Coruña, Roberto García Fernández”.

Un día máis tarde, isto é, o sábado 12 de xuño, o Concello de Cambre organizou unha homenaxe á familia Seivane no centenario do nacemento do seu patriarca. E o concello volveu a utilizar as redes sociais para difundir o seguinte texto acompañado de fotografías do goberno local cos homenaxeados:

“Ao acto asistiron veciños de Cambre e representantes do Goberno local, como a concelleira de Benestar Social, Lúa Sanguñedo, o concelleiro de Deportes e Xuventude, Dani Mallo, o concelleiro de Turismo e Patrimonio, Ramón Boga, o de Desenvolvemento Socioeconómico, Diego Alcantarilla, y la responsable da área de Medio Ambiente e Mobilidade, Patricia Parcerro, e membros da corporación municipal”

sen facer referencia aos membros dos outros grupos políticos que representaban á corporación.

Considerando que os medios de comunicación públicos non deben ser utilizados de forma partidista, sendo xa reiterados no tempo esta forma de utilización das novas que se producen no noso concello,

dende o Grupo Municipal Popular interésase que polo equipo de goberno se deixen de utilizar os medios de comunicación públicos de forma partidista, coa única presenza neles dos dous grupos de goberno.

O señor alcalde contesta que se atende o rogo. Engade que cando están presentes, si os nomean, que no acto de ciclismo estaba presente o voceiro do PP, o voceiro de AV e a voceira de C's e si os nomeou, que logo, como non estaba a responsable de prensa, equivocáronse ao subir a información á web municipal pero que xa o rectificaron.

Don Juan María Abalo Castex, do PP, di que non é a primeira vez, que xa pasou no acto que se celebrou no Graxal e que no medios de comunicación públicos deben estar todos e quedar todos reflectidos, no texto e nas fotos.

2º O pasado mércores 2 de xuño, o delegado territorial da Xunta de Galicia na Coruña anunciou en Cambre que a institución autonómica sometía a información pública a construción dunha nova senda peonil e ciclista de 1.320 metros na estrada de titularidade autonómica AC-214 entre A Xira e Cambre. Construción que supón un novo investimento da Xunta de 580.000 euros que, complementará a senda de 720 metros entre A Telva, A Xira e A Pena de Sigrás de Abaixo, que xa conta cun orzamento de 835.000 euros.

Pese ao anuncio da súa visita a Cambre, e ao investimento de máis de 1.400.000 euros da Xunta en tal proxecto, ningún representante do Goberno local acudiu á presentación en Cambre do dito anuncio, nin recibiu ao delegado territorial da Xunta, razón pola cal dende o Grupo Municipal Popular se interesa que, polo Goberno local, se atendan no sucesivo como é debido ás visitas ao noso municipio dos representantes doutras administracións públicas.

O señor alcalde di que o respecto institucional debe ser recíproco entre ambas administracións e que neste caso non acudiu á cita xa que o mail que recibiu con data de 1 de xuño da Delegación Territorial da Xunta na Coruña simplemente indicaba: *“Bo día: informámolo de que mañá o delegado visitará a senda peonil e ciclista na AC-214 en Cambre. Un saúdo. Secretaria do delegado”*.

Di que se puxo en contacto co delegado territorial e que el mesmo lle recoñeceu a improcedencia do correo e lle pediu desculpas, indicándolle que volverían remitilo correo, de forma máis completa. Engade que o PP de Cambre xa publicou de inmediato, sen preguntar, este asunto nas redes sociais.

Don Juan María Abalo Castex, do PP, di que ese mesmo mail tamén o recibiron eles e que tamén falou co delegado territorial e que o señor alcalde xustificou a súa ausencia en que non se indicaba o lugar exacto da visita e é verdade que non pon lugar exacto pero si se sabía onde ía realizarse. Di que si se podía localizar o lugar exacto, como fixeron eles e que esta petición non está referida unicamente ao delegado da Xunta, senón a todas as institucións.

Don Daniel Carballada Rodríguez, do BNG, pregunta dende que enderezo de correo electrónico se remitiu esa invitación, ao que o señor alcalde lle contesta que dende delegacion.territorial.coruna@xunta.gal.

O señor alcalde indica que, se invitan ao PP, tamén deberían invitar aos demais grupos municipais, e soamente invitaban ao goberno e ao grupo municipal do PP e que xa en máis ocasións lles indicaron que deberían invitar a todos os grupos municipais, por exemplo, no caso do centro de saúde, no seu día.

Dona María José García Hidalgo, de C's, di que nalgunha ocasión dende Alcaldía remítuselle a todos os grupos o correo de invitación recibido e que, ao seu entender, así é como debería actuarse en todas as ocasións.

O señor alcalde contesta que nunca se fixo iso. Engade que o propio delegado recoñece o seu erro no mail que remite posteriormente.

Don Juan María Abalo Castex di que se trata dunha cuestión de vontade, e que se o alcalde tivera vontade, preguntaría onde e como.

O señor alcalde conclúe dicindo que o respecto debe telo tamén a Delegación e que non tiña pensado contestar porque garda moi boa relación co delegado da Xunta na Coruña.

Pregunta do PP formulada oralmente

Única.- Don Juan María Abalo Castex, do PP, solicita que pola concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos se informe por escrito, con copia a todos os grupos, sobre o incremento do número de horas extraordinarias realizadas polos axentes da Policía Local de Cambre nos últimos 8 anos, así como que pola Concelleira competente en materia de Servizos e Seguridade Cidadá se informe sobre o dito incremento.

Igualmente, que pola concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos se informe respecto do maior gasto que supuxo, no seu caso, para as arcas municipais ese maior gasto de horas extraordinarias de forma mensual.

COMISIÓN INFORMATIVA DE URBANISMO, OBRAS, SERVIZOS, SEGURIDADE CIDADÁ, EDUCACIÓN, MOBILIDADE, MEDIO AMBIENTE E SANIDADE

Rogos e preguntas

Rogo do PP presentados por escrito

Rexistrado de entrada ao núm. 999/3195 o día 14 de xuño de 2021, xunto co resto dos rogos e coas preguntas presentados ás comisións informativas.

Único. Son numerosas e continuas as queixas remitidas polos nosos veciños sobre o estado de sucidade no que se atopan as beirarrúas do noso municipio.

Tal e como se aprecia nas fotografías que se achegan, nesta ocasión remitidas por veciños de Cambre, xunto coa sucidade, o verdello propágase polas nosas beirarrúas, dificultando o tránsito por elas.

De aí que, dende o Grupo Municipal Popular, se solicite, unha vez máis, da concelleira competente, que se adopten as medidas necesarias para manter as beirarrúas do noso municipio nas debidas condicións de limpeza.

Dona Elisa Pestonit Barreiros, concelleira delegada da Área de Servizos e Seguridade Cidadá, di que recolle o rogo.

Preguntas do PP presentadas por escrito

Rexistradas de entrada ao núm. 999/3195 o día 14 de xuño de 2021, xunto cos rogos e demais preguntas presentadas ás comisións informativas.

1ª e 2ª Dende hai meses, o Grupo Municipal Popular vén presentando rogos e preguntas respecto da limpeza e roza de camiños e terreos privados na parroquia de Brexo. Nos últimos días apreciouse que un dos terreos referidos, tal e como se reflicte nas fotografías que se achegan, foi limpadado e rozado, razón pola que preguntamos ao concelleiro competente:

- Como se localizou aos propietarios do dito terreo para os efectos de notificarlles o requirimento de limpeza e roza?

Don Juan González Leirós, concelleiro delegado da Área de Urbanismo e Obras, contesta que a través dos datos oficiais dos que dispoñen, neste caso, o catastro.

- Respecto do outro terreo sobre o que tamén requirimos a súa limpeza e roza: Que xestións se levaron a cabo e en que punto do proceso de requirimento de limpeza e roza se atopa?

Don Juan González Leirós, concelleiro delegado da Área de Urbanismo e Obras, contesta que se iniciou o correspondente expediente de disciplina urbanística para requirir esta limpeza e roza.

3ª Teñen sido numerosas as ocasións nas que este Grupo Municipal Popular se ten interesado polo estado das obras que se estaban levando a cabo na urbanización A Barcala. Tras máis de dous anos de intervención, os veciños da dita urbanización volvéronse a encontrar con máquinas e valado de obra en lugares da dita urbanización, como a praza 1º de Maio, tal e como se aprecia nas fotografías que se achegan.

De aí que dende o Grupo Municipal Popular se pregunte ao concelleiro competente cal ou cales son os motivos que levaron á necesidade de volver a introducir as máquinas na urbanización A Barcala e por canto tempo.

Don Juan González Leirós, concelleiro delegado da Área de Urbanismo e Obras, contesta que se debe, por unha banda, a que os técnicos municipais requiriron a mellora do pavimento ao detectar deficiencias no executado e, por outra banda, para rematar as obras de urbanización pendentes de executar.

4ª Os episodios de turbidez da auga no noso municipio estanse convertendo en repetitivos, pasando de ser a excepción a converterse na regra xeral en todas as nosas parroquias. Poucos son os días nos que os nosos veciños non amosan as súas queixas e incluso as súas dúbidas sobre a potabilidade da auga que chega ás súas casas, á vista da cor e materiais en suspensión que presentan.

De aí que dende o Grupo Municipal Popular se pregunte á concelleira competente que é o que está ocorrendo en todo o noso municipio para que a auga que se recibe nos nosos domicilios presente un estado tal de degradación e que medidas se están adoptando para corrixir o dito estado.

Dona Patricia María Parceró Quiñoy, concelleira delegada dos servizos de Medio Ambiente e Mobilidade, contesta que os episodios de turbidez da auga son debidos ao incremento de consumo (piscina e rego, suponse), que produce cambios de presión. Engade que varios Concellos afectados están estudando a adopción de medidas.

O señor alcalde engade que é un problema que se repite todos os anos, que hai no Concello cerca de 1000 piscinas e Emalcsa alega que este incremento de consumo produce un cambio de presión que trae como consecuencia estes períodos de turbidez e que existe un problema de potabilización da auga.

Don Juan María Abalo Castex, do PP, di que a xente entende que a auga é potable.

O señor alcalde contesta que o problema é que Emalcsa alega que a auga é potable, segundo a lei.

5ª A petición dun dos grupos da oposición, concretamente C's Cambre e ante a situación xurídica da sociedade titular dos terreos que rodean a nova Casa da Cultura de Cambre, o concelleiro de Urbanismo comprometeuse a que por parte dos servizos municipais se limparía e rozará, descoñecendo que intervencións se teñen realizado a día de hoxe nela.

De aí que desde o Grupo Municipal Popular se pregunte ao concelleiro competente que informe sobre as medidas adoptadas a día de hoxe para cumprir co dito compromiso de limpeza e roza.

Don Juan González Leirós, concelleiro delegado da Área de Urbanismo e Obras, contesta que a limpeza xa se levou a cabo o pasado 28 de maio, hai 28 días aproximadamente.

6ª Veciños do Paseo Marítimo do Temple infórmanos da apertura dunha gabia con certa asiduidade na esquina existente na confluencia do Paseo Marítimo coa rúa Vicente Risco, tal e como se aprecia nas fotografías que se achegan.

De aí que, desde o Grupo Municipal Popular se pregunte cal é o motivo que está orixinando a dita apertura.

Dona Elisa Pestonit Barreiros contesta que se trata dun hidrante soterrado que se repuxo a consecuencia da rotura do hidrante existente o día 28 de abril de 2021. Engade que se trata dun foso, non dunha gabia.

COMISIÓN INFORMATIVA DE CULTURA, DEPORTES, XUVENTUDE E BENESTAR SOCIAL

Preguntas do PP presentadas por escrito

Rexistradas de entrada ao núm. 999/3195 o día 14 de xuño de 2021, xunto cos rogos e demais preguntas presentadas ás comisións informativas.

1ª-2ª e 3ª Nos últimos días fomos informados da participación do Concello de Cambre na celebración do evento “Primavera no Camiño”, organizado pola Asociación de concellos do Camiño Inglés, o próximo día 19 en Ferrol. De aí que, desde o Grupo Municipal Popular se pregunte ao concelleiro competente sobre:

- A entrada e participación do noso concello na dita asociación de concellos.
- Cal vai ser a participación do noso concello no dito evento concreto o próximo día 19 de xuño en Ferrol.
- Próximas intervencións previstas en eventos organizados pola dita organización.

Don Ramón Boga Moscoso, concelleiro delegado dos servizos de Turismo e Patrimonio, contesta que o Concello de Cambre non pertence a esta asociación, que simplemente asiste cando son invitados e que neste caso a participación consistirá na instalación dun posto informativo.

4ª Ante a inminente entrada da tempada estival, desde o Grupo Municipal Popular pregúntase ao concelleiro competente cales son os plans previstos para as piscinas municipais no Balado e no Temple.

Don Daniel Mallo Castro, concelleiro delegado da Área de Cultura, Deportes e Xuventude, contesta que a piscina do Balado abrirá o 1 de xullo e a do Temple non abrirá debido ao deficiente estado no que se atopa, estando pendente de realizarse unha auditoría sobre a mesma.